

PREGUNTA DE AER SOBRE DE GASOLEO NA PISCINA

PLENO 29 FEBREIRO 2012. ACTA 2/2012

Constatamos que hai un gasto a cargo do Concello de máis de 5000 euros mensuais en concepto de gasóleo da piscina municipal. Consultamos o “Contrato da xestión indirecta do servizo público piscina climatizada de Redondela”, que inclúe os “Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas”, onde figuran os servizos que debe prestar o adxudicatario do contrato. Ese contrato en ningún caso fai mención da obriga do Concello de financiar o gasóleo nin calquera aspecto que o suxira, e menos con carácter permanente. O que si aparece é que *“o adxudicatario (SERVIOCIO) debe facerse cargo do mantemento nos adecuados niveis térmicos da auga”* e que *“é deber do adxudicatario abonar tódolos gastos de conservación e mantemento, incluídos os derivados da utilización dos produtos necesarios para o cumprimento das condicións sanitarias da piscina”*. Por todo isto PREGUNTAMOS:

En base a que acordo ou documento se están a financiar con carácter permanente os custes do gasóleo á piscina municipal de Redondela?

O concelleiro Pazos Couñago resposta que é un asunto que se leva arrastrando dende antes da concesión e no novo contrato non se explicitou esa cuestión a pesares de que había informes nese sentido,o que deu lugar a interpretacións. Non se solventou e non saben por qué pero de acordo cos informes hai que seguir sufragando este gasto